O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...). 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 36 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización





ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

**Cuarto.-**

En referencia agora ó presente caso, **os reclamantes formulan a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo a certificación emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico, dona Lorena Sanlés Redondo, á data do sinistro, era titular do vehículo matrícula 6662-GRB**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

Así mesmo, **a entidade aseguradora REALE SEGUROS GENERALES S.A. tamén ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao asumir a mesma parte do custe de reparación dos danos**, como así consta no expediente co documento de pago, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *“El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización”*.

**A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Riveira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente, de conformidade co informe emitido pola enxeñeira municipal.** A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e que tamén implica o mantemento e conservación das vías públicas.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende do informe pericial e da factura de reparación dos danos que os reclamantes achegan coa súa reclamación.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Pois ben, no que ao presente suposto se refire, **consta acreditada a relación causal dos danos no vehículo co deficiente funcionamento do servizo público viario.** Así, a estes efectos, a Policía Local no informe emitido na data do accidente dispón que: *“DILIGENCIA DE DESCRIPCIÓN DE LOS HECHOS (...) Que siendo las 07:50 horas del día 25 de enero de dos mil diecisiete, fuimos requeridos a través de la Sala Operativa de la Policía Local, comunicándonos que en el acceso a la Plaza de España,*





*se había producido un accidente de circulación por causa del hielo con el resultado de daños materiales en un vehículo. Personados en el lugar momentos después de haberse producido el mismo, pudimos comprobar la existencia del accidente y conocer que era UNO el vehículo implicado, cuyos datos, así como los de su conductor y titular figuran más adelante en diligencia. (...). TIPO DE ACCIDENTE Y DENOMINACIÓN DE VEHÍCULOS IMPLICADOS. El accidente de circulación que nos ocupa es del tipo: Colisión contra bolardo redondo, por el número de elementos implicados es simple estando implicados en el mismo el vehículo de la marca Peugeot, modelo 308, matrícula 6662-GRB. (...) DILIGENCIAS DE INSPECCIÓN OCULAR. HUELLAS, VESTIGIOS, RESTOS E INDICIOS Y PROBABLE PUNTO DE COLISIÓN. En la vía e inmediaciones donde se produjo el accidente, pudimos observar placas de hielo sobre la vía. POSICIÓN FINAL Y DAÑOS EN LOS VEHÍCULOS. A la6 llegada de los actuantes la posición final del vehículo era la siguiente: El vehículo se encontraba situado próximo a la bola de hierro de fundición con la cual había chocado, los daños apreciados son en la defensa delantera en la parte izquierda. DILIGENCIA DE PROBABLE DESARROLLO DEL ACCIDENTE. Es parecer de los agentes actuantes fundamentándose en las circunstancias concurrentes, inspección ocular realizada y manifestaciones, que el accidente tuvo el siguiente desarrollo: El vehículo con placas de matrícula 6662GRB, circulaba por la Plaza de España con dirección a calle Mendiño, pierde la adherencia del vehículo como consecuencia de las placas de hielo formadas por las bajas temperaturas, y choca contra una bola de hierro fundido, la cual hace de delimitadora entre el carril de circulación y la peatonal Plaza de España. (...). DILIGENCIA DE CAUSA PROBABLE DEL ACCIDENTE (JUICIO CRÍTICO). Es parecer de los agentes actuantes fundamentándose en las circunstancias concurrentes, inspección ocular realizada, manifestación de la conductora y posición final del vehículo que el accidente se produjo debido a la placa de hielo que se formó sobre el pavimento, siendo el responsable del mismo el titular de la vía, concello de Riveira. Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial. Artículo 57 Mantenimiento. 1. Corresponde al titular de la vía la responsabilidad del mantenimiento de la misma en las mejores condiciones posibles de seguridad para la circulación, y de la instalación y conservación en ella de las adecuadas señales y marcas viales. También corresponde al titular de la vía la autorización previa para la instalación en ella de otras señales de circulación. En caso de emergencia, los agentes de la autoridad encargados de la vigilancia del tráfico, en el ejercicio de las funciones que tengan encomendadas, podrán instalar señales circunstanciales sin autorización previa. Si bien pudo haber influido las condiciones climatológicas adversas de la bajada brusca de la temperatura. (...).”*

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia da reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Peugeot 308, matrícula 6662-GRB, propiedade de dona Lorena Redondo Sanlés.





Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 19/04/2018, e visto o informe de fiscalización emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 23/04/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por REALE SEGUROS GENERALES S.A. e dona Lorena Redondo Sanlés, na contía total de 876,71 euros, correspondendo a contía de 300 euros á Sra. Redondo Sanlés e os restantes 576,71 euros á entidade aseguradora.

O abono da referida contía farase da seguinte forma: o Concello de Riveira abonará 150 euros, que é a contía da franquicia existente na póliza subscrita coa entidade Mapfre Seguros de Empresas, á dona Lorena Redondo Sanlés, mentres que a entidade aseguradora aboará a contía restante, isto é 726,71 euros, da seguinte forma: 150 euros a dona Lorena Redondo Sanlés, e 576,71 euros a Reale Seguros Generales S.A.

### 3.- Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Don Juan Ramón Vicente González polos danos causados a un vehículo por mor dos traballos de desbroce dos operarios municipais. Expediente RP/ 9/2017.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Don JUAN RAMÓN VICENTE GONZÁLEZ**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

#### FEITOS

Primeiro.- O día 02 de xuño de 2017, don Juan Ramón Vicente González, con DNI número 33243765-W, propietario do vehículo marca Ford Mondeo, con placas de matrícula 3718-FPP, tiña o seu vehículo na zona da estrada xeral da parroquia de Carreira, cando bateu contra o mesmo unha pedra por mor das labores de desbroce que nesas intres estaban a realizar varios operarios municipais, producíndose danos na pintura do automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 05/06/2017 co número 9.308, o Sr. Vicente González, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira, demandando o abono da reparación dos danos ocasionados que cuantifica na contía total de 99 euros.

Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 20/10/2017 co número 16.789, o reclamante achega a seguinte documentación: copia simple do presuposto de reparación dos danos emitido polo talles Gonzacar, S.L. Riveira; e copia simple do permiso de circulación do vehículo.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:





- Informe remitido na data 21/09/2017 pola Policía local do Concello de Riveira.
- Informe emitido na data 14/12/2017 polo capataz do servizo municipal de xardinería.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, sen que durante o mesmo conste a presentación de alegacións.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

#### Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables







os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao ser o titular do vehículo que resultou danado**.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Riveira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo marca Ford Mondeo con placas de matrícula 3718-FPP. Así se deduce do presuposto de reparación que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexos de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os**





**danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Riveira non tivo constancia dos feitos polos que se reclama, polo que non puido comprobar a veracidade dos mesmos.** Así no informe remitido dispónse: *“Revisados nuestros archivos policiales no consta ningún informe de daños ocasionados por los obreros municipales a un vehículo el día 02/06/2017, tampoco consta ninguna intervención policial en el Informe diario de Servicios realizados.”*
- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 14/12/2017 deixa constancia de que non se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama:** *“Que na data 02/06/2017 estiveron traballando na zona da estrada xeral na parroquia de Carreira, iso é, no sitio no que reclamante afirma ter sucedido o accidente. Sen embargo, ningún dos traballadores municipais advertiu que se tivera danado algún vehículo mentres estaban desbrozando, e tampouco ninguén puxo no seu coñecemento o accidente polo que agora se reclama, polo que non se pode afirmar que o dano no vehículo do Sr. Juan Ramón Vicente González fora ocasionado polos operarios que ese día estaban desbrozando na estrada xeral da parroquia de Carreira. Non se ten nada mais que engadir ao respecto.”*

Da análise das probas practicadas, **conclúese que non resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo marca Ford Mondeo con placas de matrícula 3718-FPP, propiedade de don Juan Ramón Vicente González e o funcionamento do servizo municipal de xardinería. Como consecuencia debe desestimarse a reclamación presentada polo reclamante.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 19/04/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Don Juan Ramón Vicente González polos motivos e fundamentos antes expostos.**

**XII.- VAOS PERMANENTES.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

1.- Visto o escrito presentado por **Ana Belén Miranda Pérez**, de data 16/04/2018 (Rexistro de entrada nº 5.580), no que solicita a instalación de sinal





vertical para sinalizar correctamente un aparcamento habilitado para persoas con discapacidade na Rúa Estatuto, nº 4 (Riveira).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 18/04/2018, por unanimidade dos membros presentes, **acorda**:

**Autorizar** a adecuación da zona reservada para aparcamento habilitado para persoas con discapacidade na Rúa Estatuto, nº 4 (Riveira), debendo axustalo á regulamentación correspondente (Sinalización vertical do estacionamento e sinalización horizontal con símbolo de cadeira de rodas de cor branca sobre fondo azul e a contorna de praza deberá ser de cor branca).

**2.- Dáse conta** á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 00048/2018, de data 06/02/2018, do **Xulgado Contencioso-Administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela**, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo (Procedemento Abreviado 0000672/2016) presentado por María Elisa García Gude contra a desestimación da resolución de 04/11/2016, desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos a causa dunha caída na vía pública.

**3.-** A Xunta de Goberno Local queda eteirada do escrito presentado por Elsa Quintáns Alborés, Directora do Observatorio de Dereitos Lingüísticos – **A Mesa pola Normalización Lingüística**, de data 16/04/2018, e rexistrado de entrada en data 19/04/2018 co nº 5.819, poñendo en coñecemento a queixa co nº de expediente 26/2018Q polo emprego de carteis de aviso en castelán e mesturando o galego e o castelán.

**4.- ACORDO EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE CESIÓN GRATUITA CON CONDICIÓN ONEROSA DUNHA PORCIÓN DE TERREO SITA NAS INMEDIACIÓNS DO LUGAR DA AMEIXIDA PROPIEDAD DE DON AMADOR, DONA FRANCISCA MANUELA E DONA JUANA AGEITOS PÉREZ.**

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- Por Providencia da Alcaldía do 17/04/2018, dáse conta da vontade manifestada por Amador, dona Francisca Manuela e dona Juana Ageitos Pérez, de ceder a favor do Concello de Riveira unha parte da finca da súa propiedade, sita nas inmediacións do lugar da Ameixida, de referencia catastral 15074A019002220000KQ, en concreto 431,68 metros cadrados, a dominio e uso público, coa condición de que por parte do Concello se constrúa un muro de peche.





Nesa mesma Providencia, ordénase unir ao expediente os informes de taxación do terreo e de valoración do peche emitidos polo arquitecto municipal na data 13/11/2017, e dar traslado da mesma aos departamentos de secretaría e intervención, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente para a aceptación da cesión de referencia coa condición imposta.

2.- Desde o departamento de secretaría e servizos xerais, procedeuse a impulsar de oficio o procedemento, recadando a seguinte documentación:

- Copia simple dos DNI de don Amador, dona Francisca Manuela e dona Juana Ageitos Pérez.
- Copia simple de testamento aberto, autorizado polo Notario don Emilio Carballo Lourido na data 15/09/1978 co número 1.017 de protocolo.
- Copia simple da relación de bens da herdanza de Don Amador Ageitos Pérez.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigo 3 e DF 2ª da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Artigos 1.2.f), 9.1, 10 e 12 do Regulamento de Bens das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986.
- Artigos 618 e seguintes do Código Civil.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.-** Conforme ao artigo 3 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, de carácter básico segundo a Disposición Final 2ª da citada Lei e, por tanto, aplicable ás entidades locais, o patrimonio das Administracións Públicas está constituído polo conxunto dos seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza e o título da súa adquisición ou aquel en virtude do cal lle fosen atribuídos.

**Segunda.-** O artigo 9.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (no sucesivo RB), recoñece ás entidades locais plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos.

Entre os modos polos que se poden adquirir bens e dereitos que enumera o artigo 10 do RB atopamos a doazón, que se regula de xeito específico no artigo 12 do RB dispoñendo que: "1. A adquisición de bens a título gratuito non estará suxeita a restrición algunha. 2. Non obstante, si a adquisición levara anexa algunha condición ou modalidade onerosa, só poderán aceptarse os bens previo expediente no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire. 3. A aceptación de herdanzas entenderase a beneficio de inventario."





**Terceira.-** O artigo 618 do Código Civil (norma do dereito privado á que cómpre acudir de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público), define a doazón como o acto de liberalidade polo cal unha persoa dispón gratuitamente dunha cousa en favor doutra, que a acepta. Igualmente o artigo 623 do Código Civil (no sucesivo CC) dispón que a doazón perfeccionase dende que o donante coñece a aceptación do donatario, o artigo 629 CC que a doazón non obriga ao donante, nin produce efecto, senón desde a aceptación e o artigo 630 que o donatario debe, so pena de nulidade, acepta-la doazón por si, ou por medio de persoa autorizada con poder especial para o caso, ou con poder xeral e bastante. Destes artigos extraese a conclusión da necesidade de acepta-la doazón e comunicalo á persoa doante.

**Cuarta.-** En canto á lexitimación, conforme ao artigo 624 CC, poderán facer doazón todos os que poidan contratar e dispoñer dos seus bens e conforme ao artigo 625 CC poderán aceptar doazóns todos os que non estean especialmente incapacitados pola lei para elo.

**Quinta.-** Respecto á forma da doazón, o artigo 633 CC establece que para que sexa válida a doazón de cousa inmovible, farase en escritura pública, expresándose nela individualmente os bens doados e o valor das cargas que deba satisfacer o donatario. A aceptación poderá facerse na mesma escritura de doazón ou noutra separada; pero non surtirá efecto se non se fixese en vida do doante. Feita en escritura separada, deberá notificarse a aceptación en forma auténtica ao doante, e anotarase esta dilixencia en ambas escrituras.

**Sexta.-** A competencia para a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial corresponde ao Alcalde, cando o presuposto base de licitación non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros. Así mesmo corresponde ao Pleno a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando non estea atribuída ao Alcalde, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor (Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público), co quórum da maioría simple (artigo 47.1 LRBRL); sendo delegable o exercicio da competencia por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

**Sétima.-** A formalización do expediente requirirá, en todo caso:

- Comunicación do doante por escrito na que acredite a súa personalidade e capacidade de obrar, a súa vontade de doar, o poder outorgado si actúa mediante representación e a titularidade sobre o doado.
- Aceptación por parte do Concello mediante acordo do órgano competente.
- Notificación do acordo de aceptación ao doante.
- Elevación da doazón a escritura pública.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180222952
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2018		Fecha: 04/05/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2018 14:02:36		Hora: 14:02





**Oitava.-** No presente caso, trátase da cesión de parte dun terreo de propiedade privada, o que legalmente constitúe unha doazón que é necesario formalizar.

De conformidade coa documentación obrante no expediente o terreo cuxa cesión se pretende é dunha superficie total de 431,68 metros cadrados que forma parte da finca que se describe a continuación, polo que, en principio, sería necesario que polo órgano municipal competente se autorice unha previa segregación da parcela, sen embargo trátase dun caso de distinta clasificación do solo da parcela de orixe (solo urbano e solo rústico), e o que se efectuaría sería a segregación da parte clasificada como solo urbano, deixando a parcela matriz dentro da delimitación do solo rústico, polo que, en aplicación do artigo 150.6.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, é innecesaria o outorgamento de licenza de segregación cando a división ou segregación sexa consecuencia do outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe:

- *Descrición: Finca denominada "CHOYO", situada no lugar de Martín (inmediacións do lugar da Ameixida), no municipio de Riveira, dunha superficie de 1.963 metros cadrados, parcela nº 222 do polígono 19, e que linda: Norte, terreo de Carlota Mariño; Sur, máis de Francisca González; Este, mais de Josefa Campaña; e Oeste, de Antonio Pérez.*
- *Propietarios: Amador Ageitos Pérez, con DNI número 32294672G, dona Francisca Manuela Ageitos Pérez, con DNI número 76500725B, e dona Juana Ageitos Pérez, con DNI número 33154370P.*
- *Título: Herdanza do seu pai, don Amador Ageitos García, a medio de testamento aberto outorgado ante o Notario, don Emilio Carballo Lourido, o 15 de setembro de 1978, co número 1017 de protocolo.*
- *Inscrición: Non se ten constancia de que está inscrita no Rexistro da Propiedade.*
- *Referencia Catastral: 15074A019002220000KQ.*
- *Cargas: Non se ten constancia da súa existencia.*

Resulta, polo tanto, determinado o obxecto do contrato, así como a capacidade de obrar dos contratistas e a súa personalidade e capacidade de obrar na documentación que consta no expediente.

En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición do terreo a título gratuito, o artigo 12 do RB soamente esixe previo expediente para o caso de que a adquisición levase anexa algunha condición ou modalidade onerosa. Enténdese que non se considerará como un gravame, aos efectos do artigo 12.2 do RB, as inversións que teña que realizar o Concello para dar o destino de uso xeral ou servizo público ao ben que se adquire. Contrariamente, a condición imposta polos cedentes que obriga ao Concello á execución dun muro de peche, si se considera unha condición onerosa, polo que é preciso realizar previo expediente, tal e como esixe o artigo 12.2 do RB, no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180222952
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2018		Fecha: 04/05/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2018 14:02:36		Hora: 14:02





Neste suposto, consta no expediente informe de taxación do terreo que se cede, emitido polo arquitecto municipal na data 13/11/2017, e no que se valora o terreo a ceder en 9.574,39 euros. Así mesmo, consta tamén valoración da execución do muro, realizada polo arquitecto municipal na data 13/11/2017, cuxa contía ascende a 9.400 euros. Polo que se cumpriría o requisito imposto pola norma regulamentaria de que o valor do gravame imposto (execución do muro de peche = 9.400 euros) non excede do valor do que se adquire (terreo de 431,68 m<sup>2</sup> = 9.574,39 euros).

De conformidade coa DA 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e en función da valoración do referido ben, o órgano competente para acordar a súa adquisición é o Alcalde, competencia que no Concello de Riveira está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, asinado na data 01/07/2015.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 24/04/2018, e visto o informe de intervención favorable emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 24/04/2018, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Primeiro.-** Declarar a innecesiedade da licenza de segregación da porción de terreo dunha superficie de 431,68 metros cadrados da finca sita nas inmediacións do lugar da Ameixida, coa referencia catastral 15074A019002220000KQ, propiedade de don Amador, dona Francisca Manuela e dona Juana Ageitos Pérez, de conformidade co artigo 150.6.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**Segundo.-** Aceptar a cesión gratuíta para o dominio e uso público que fai ao Concello de Riveira don Amador, dona Francisca Manuela e dona Juana Ageitos Pérez do seguinte inmovible: *“Parcela sita no lugar de Martín (inmediacións do lugar da Ameixida), municipio de Riveira, dunha superficie de 431,68 metros cadrados, que linda: Norte, terreo de Carlota Mariño; Sur, mais de Francisca González; Este, mais de Josefa Campaña; e Oeste, resto da finca matriz.”*

A referida parcela destínase para o dominio e uso público.

Tras a aceptación desta cesión a finca matriz diminúe a súa superficie en 431,68 metros cadrados.

**Terceiro.-** Dispoñer que se proceda á execución do muro de peche segundo a valoración realizada polo arquitecto municipal no seu informe do 13/11/2017 obrante neste expediente.

**Cuarto.-** Incorporar o ben adquirido ao libro do Inventario Municipal, dentro do epígrafe que corresponda segundo a súa natureza.





**Quinto.-** Facultar ao Sr. Alcalde para que en nome e representación do Concello subscriba a correspondente escritura pública.

**Sexto.-** Serán por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta doazón.

**Sétimo.-** Calquera cuestión litixiosa que poida xurdir que afecte á propiedade en si do ben, dilucidarase ante a xurisdición civil.

**Oitavo.-** Notificar o presente acordo ao donante, agradecéndolle a doazón efectuada.

## 5.- AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE PANTALLA DIXITAL PARA INFORMACIÓN Á CIDADANÍA.

Visto o escrito remitido pola **Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, de data 2 de marzo de 2018 (escrito con data do 7 de marzo de 2018, entrada núm. 3.144), mediante o que comunican a licitación do subministro, instalación e posta en marcha de 21 pantallas dixitais co fin de mellorar a información á poboación no eido da Calidade do Aire e da Meteoroloxía, así como tamén para facer públicos outros temas de interese e seguridade para a cidadanía como os avisos ante fenómenos meteorolóxicos extremos ou posibles eventos de mala calidade do aire. E solicitan do Concello a obtención do permiso para a instalación da mesma, así como soporte e axuda para seleccionar a localización máis axeitada.

**A Xunta de Goberno Local**, vista a proposta de actuación emitida ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio Luis Fernández Veiga, de data 16/04/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Autorizar** á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a instalación dunha pantalla dixital na vía pública, co fin de mellorar a información á poboación no eido da calidade do aire e da meteoroloxía, así como tamén para facer públicos outros temas de interese e seguridade para a cidadanía, como os avisos ante fenómenos meteorolóxicos extremos ou posibles eventos de mala calidade do aire.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e vinte minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

O Alcalde

Dou fe, o secretario xeral

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle

